

O BNG pide investimento e retorno do talento para que Galicia sexa "referente en investigación"

 praza.gal/politica/o-bng-pide-investimento-e-retorno-do-talento-para-que-galicia-sexa-referente-en-investigacion

- Eleccións xerais 28A
- Política

martes 16, abril 2019



Ana Pontón e Néstor Rego, na visita ao CIMUS © BNG

Incrementar os recursos destinados a I+D+i, traer de volta ao talento investigador que emigrou "por falta de orzamento e oportunidades" e combater a discriminación das mulleres no ámbito da ciencia son os compromisos que o BNG defende co obxectivo de converter Galicia nun "referente en investigación".

"Fallou a pata do financiamento con recortes tanto desde os gobernos do Estado como da Xunta provocando unha emigración de talento"

A portavoz nacional da formación, Ana Pontón, e o candidato ao Congreso pola provincia da Coruña, Néstor Rego, visitaron este martes o *Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermedades Crónicas* (CIMUS), un centro de referencia da USC en Santiago de Compostela. A visita serviu para que o Bloque debullase as súas propostas en ciencia e investigación.

“Hai un enorme talento investigador, Galiza é unha potencia tamén neste ámbito pero precisa apoio e recursos. **Fallou a pata do financiamento** con recortes tanto desde os gobernos do Estado como da Xunta provocando unha **emigración de talento** que necesitamos recuperar”, subliñou Pontón, que foi moi crítica cos Gobernos de Mariano Rajoy e Pedro Sánchez. “En 2016, o Estado deixou de investir o 60% do orzamento en investigación, en 2017 os datos aínda son peores e 7 de cada 10 euros quedaron sen gastar, en 2018 deixou de investir o 53%, e polo que nos explican as cifras en 2019 vanse mover en porcentaxes similares sen executar”, dixo.



Ana Pontón e Néstor Rego, na visita ao CIMUS © BNG

┃ O Bloque promete traballar no Congreso para “duplicar o investimento en I+D+i”

O Bloque promete traballar no Congreso para “duplicar o investimento en I+D+i”. Tamén comprometeu o seu apoio para “desenvolver a carreira investigadora”, para evitar “que os nosos investigadores e investigadoras tiren a toalla porque a día de hoxe estamos perdendo talento que hai que traer de volta”. Finalmente, Pontón fixo un chamamento a rematar coa “discriminación das científicas e investigadoras, cos teitos de cristal que soportan tamén neste ámbito, e derrubar as barreiras que limitan o seu desenvolvemento profesional”.